

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DA CORUÑA**

ANUNCIO da aprobación definitiva do estudo detalle de equipamento asistencial no polígono dos Rosales (expediente 631/238/2014).

O Pleno municipal, na sesión que tivo lugar o día 2 de marzo de 2015, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

«Primeiro. Aprobar definitivamente o estudo de detalle de equipamento asistencial nos Rosales, setembro 2014, promovido pola Fundación Remanso.

Segundo. Ordenar a dilixencia do documento aprobado, así como continuar co cumprimento dos trámites administrativos recollidos nos artigos 92.2 e 92.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, para procurar a entrada en vigor do estudo de detalle.

Terceiro. Notificarlles o acordo de aprobación definitiva aos interesados no expediente, aos titulares catastrais, aos departamentos municipais de Licenzas e Disciplina Urbanística, Xestión do Solo, Sección de Patrimonio Urbanístico, Oficina de Delimitación-SIX de Planeamento e á Área de Infraestruturas».

A documentación exixida polo artigo 92.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, tivo entrada na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, o día 19 de marzo de 2015.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ao que se realice a publicación deste anuncio, ou de ser o caso a súa notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se considere pertinente.

A Coruña, 19 de marzo de 2015

César de Jesús Otero Grille
Director de Urbanismo

CVE-DOG: y7ugpb69-4ug7-wou1-mu

